

VIERNES, 18 de noviembre de 2011

REPORTAJE: LUCES

De Frantz Fanon a Cunqueiro

Maspero, o mítico editor do esquerdismo do 68, traduciu ao francés 'Xente de aquí ou acolá' - Este e outros títulos do de Mondoñedo publicounos Actes du Sud

DANIEL SALGADO | 18 NOV 2011

Archivado en: [Traducciones](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Aquela galería das clases populares, confeccionada a modo de catálogo de curiosidades e gabinete de oficios e artes da cultura non industrial, chamouse Xente de aquí e acolá. Un dos libros centrais de Álvaro Cunqueiro, publicado por Galaxia en 1971, tamén coñeceu versión en francés. Pero foi 21 anos despois e co título Galiciens, courbeaux et parapluies. Ese Galegos, corvos e paraugas traduciuo François Maspero e publicouno Actes du Sud, a editora fundada por Hubert Nyssen en 1978.

Curiosamente Cunqueiro, o home que xa en réxime parlamentario desprezaba a caseta da feira do libro de Vigo onde viña de falar o sindicalista Marcelino Camacho e pedía que a desinfectasen, acabou nas mans de Maspero, o embaixador editorial da literatura esquerdista na Francia dos anos sesenta e setenta. Foi a través da empresa que levaba o seu nome como xeracións de militantes e investigadores coñeceron o anticolonialismo de Frantz Fanon -o contundente e influente Os condenados da terra-, os escritos revolucionarios do Che Guevara, as torturas do exército francés en Alxeria -n'O ano V da revolución alxerá, logo censurado- ou as primeiras incursións de Georges Perec na literatura, na revista Partisans. "En Galicia, a xente válese do seu paraugas (e non á inversa), os mortos metamorféanse en corvos e, por un si ou por un non, todo este bonito mundo apostrofa os humanos coa maior das familiaridades", di o paratexto desa edición de Xente de aquí e acolá, que coloca a Cunqueiro "en compañía do seus mestres: Cervantes e Rabelais".

Segundo Laurence Malingret, en 2005 adscrito á Universidade de Santiago, Maspero traduciu a partir da tradución ao castelán, La otra gente. Así o certifica Actes du Sud. Non foi, con todo, a única paraxe da editorial francesa, cuxo fundador morreu recentemente, na literatura galega. Les Chroniques de sous-chantre [As crónicas do sochantre] apareceron naquel mesmo ano de 1992, da man de Claude Bleton e con limiar de Torrente Ballester, e, aos dous anos, L'année de la comète ou la bataille des quatre rois [El año del cometa]. A atención de Actes du Sud ás literaturas ao sur -de Francia, enténdese- levouna, amais, até Suso de Toro. Foi no selo Jacqueline Chambon, integrado en Du Sud, onde Anne Bragance publicou en francés e en 2006 Trece badaladas, pero con título lixeiramente modificado e tamén con base no español: Le trezième coup de minuit [O décimo terceiro golpe de medianoite]. Chambon mesmo converteu en best-seller no hexágono O mandarim, de Eça de Queirós.

A edificada por Hubert Nyssen foi a editorial que introduciu a Paul Auster no campo literario francés, vai xa par 25 anos. En palabras de Xesús González Gómez, crítico, tradutor el mesmo do francés ao galego -Jules Renard, o Conde de Lautréamont, Michael Löwy ou os manifestos do surrealismo, entre outros- e especialista en literatura gala, fala a respecto

de Actes du Sud como dunha "editora importante, moi potente, cunha colección de peto de case mil títulos". Esa que, amais de ao Nobel exipcio Naguib Mahfuz e a Stieg Larsson, puxo en circulación boa parte da produción de Torrente Ballester, La saga/fuga de JB, Los gozos y las sombras ou Fragmentos de apocalipse incluídos.